

# REGULAMENTO PARA A GOBERNANZA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno de 12 de maio de 2017)

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As tecnoloxías da información e das comunicacións conforman un dos elementos máis críticos para o correcto funcionamento da actividade académica e de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. A estrutura de xestión na Universidade fundaméntase na Área de Tecnoloxías das Informacións e das Comunicacións (ATIC), pero a USC non dispón dun órgano específico encargado da gobernanza das TIC no que estean representados os diferentes servizos e usuarios. Desde o ano 2004, o Consello de Goberno aprobou tres plans estratéxicos de TIC e en todos eles se destaca a necesidade de mellorar os servizos ofrecidos á comunidade universitaria, tanto na planificación, como na xestión e bo goberno.

Os modelos de goberno TIC máis comúns na actualidade baséanse nunha dobre función que se debe acometer desde unha institución como a USC. A primeira das funcións establécese na xestión interna das actividades presentes e a segunda debe estar orientada cara a xestión externa das actividades futuras.

Baixo esta visión, a sectorial TIC da CRUE desenvolveu o modelo de gobernanza GTI4U “Gobierno de las TIC para Universidades”, onde se indica que as TIC “non se deberan concibir como elementos tácticos das Universidades, (...) senón que terían que formar parte da planificación global das Universidades pois teñen un carácter estratéxico e horizontal”. A isto cómpre engadir-lle a necesidade de analizar a estratexia e a innovación TIC desde unha óptica de conxunto que evite a toma de decisións illadas.

O modelo GTI4U da CRUE é o que sustenta este regulamento para a “Gobernanza TIC da Universidade de Santiago de Compostela”. As súas principais características son a aliñación das TIC cos obxectivos da actividade académica e de investigación, o recoñecemento do valor xerado polas TIC, a medida do rendemento das TIC na organización, a avaliación dos riscos tecnolóxi-

cos, a xestión dos recursos e a competencia profesional dos traballadores e traballadoras. Este modelo é tamén avalado por diversas normas de verificación da calidade, como son as ISO 38.500 de Goberno TIC, a ISO 20.000 do Sistema de Xestión de Servizos TIC e a ISO 27.001 de sistemas de xestión da seguridade da información.

## TÍTULO I. DEFINICIÓN, ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DA COMISIÓN TIC

### Artigo 1. A Comisión TIC

A Comisión TIC da USC é o órgano asesor para a gobernanza e planificación das das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da USC. É o encargado de avaliar, informar e elevar aos órganos de goberno da USC as propostas en relación aos servizos e políticas TIC da USC.

### Artigo 2. A Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC)

A Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións da Universidade de Santiago de Compostela (ATIC) é unha área de apoio á comunidade universitaria (xestión, docencia, investigación e transferencia) en todo o relacionado coas tecnoloxías da información e das comunicacións, tanto para o hardware coma para o software.

## TÍTULO II: ÓRGANOS DE FUNCIONAMENTO E DIRECCIÓN

### Artigo 3. Composición da Comisión TIC

1. A Comisión TIC deberá ter representación dos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela, deberá cumprir as directrices de política de igualdade de xénero

que estableza a USC e deberá ter representación de todas as grandes áreas de coñecemento. A súa composición é a seguinte:

- a) Un/ha presidente/a, que deberá ser membro con vinculación permanente da USC.
- b) Un/ha experto/a en tecnoloxía que pertenza a unha das seguintes áreas de coñecemento: Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, ou linguaxes e Sistemas Informáticos da USC.
- c) O xerente/a da USC
- d) O director/a da ATIC
- e) O/as responsables da ATIC encargados da seguridade, a atención a usuarios, da rede de datos, de desenvolvemento, de sistemas, de sistemas multimedia, da rede de voz e da rede de voz e datos do Campus de Lugo
- f) O/a vicexerente/a de Asuntos económicos, O/a vicexerente/a de Persoal, O/a vicexerente/a de asuntos académicos, o/a Secretario/a Xeral Adxunto, o director/a da Área de Calidade, o director/a da Área de infraestruturas, o/a director/a da oficina de Investigación e tecnoloxía, o/a director/a da Biblioteca universitaria, o director/a do gabinete de comunicación e o director/a da Oficina web.
- g) Dous/dúas decanos/as e directores/as de centros
- h) Dous directores/as de departamento
- i) Dúas persoas do Persoal Docente e Investigador que formen parte do Consello de Goberno en calidade de representante do PDI
- j) Dúas persoas do Persoal de Administración e Servizo que formen parte do Consello de Goberno en calidade de representante do PAS
- k) Dous/dúas estudantes que formen parte do Consello de Goberno en calidade de representantes do sector estudiantil.

Poderán ser convidados/as todas as persoas que a Comisión estime necesario para intervir nalgún punto da orde do día.

2. Todos/as os membros da Comisión TIC serán nomeados polo Consello de Goberno a proposta do reitor/a.
3. A comisión ten carácter permanente. Os decanos/as, directores/as de centro e directores/as de departamento perderán a súa condición de membro no momento no que cesen no cargo. Os representantes do estudiantado, do PDI e do PAS perderán a súa condición de membro no momento no que cesen do Consello de Goberno. Nos casos do presidente/a e o/a experto en tecnoloxía, o nomeamento será por un período de catro anos.

#### **Artigo 4. Funcións da Comisión TIC**

Serán funcións da Comisión TIC:

- a) Propoñer aos órganos de Goberno as políticas xerais TIC da USC, o Plan estratéxico TIC a Programación Plurianual TIC e a actualización ou modificación das normativas TIC da USC.
- b) Informar dos acordos, contratos, convenios e encomendas relacionadas coas TIC que se propoñan aos órganos de goberno.
- c) Aprobación dos grupos de traballo que se precisen para o bo funcionamento da Comisión TIC, con especial atención a cada unha das grandes actividades e servizos da USC que requiren apoio tecnolóxico.
- d) Propoñer aos órganos de goberno os procedementos de xestión e gobernanza
- e) Avaliar a utilización actual e futura das TIC na USC
- f) Propoñer aos órganos de goberno o catálogo de servizos TIC
- g) Propoñer aos órganos de goberno o proxecto orzamentario TIC anual
- h) Analizar o rendemento das TIC cara os obxectivos da USC
- i) Deseñar a política de comunicación das TIC cara a comunidade universitaria e os diferentes grupos de interese.
- j) Potenciar a administración dixital e as TIC como instrumentos que permitan facer sostible o constante proceso de

- innovación e mellora da calidade dos servizos ofrecidos pola USC.
- k) Propoñer plans de formación dos usuarios/as e dos destinatarios/as dos servizos TIC
- l) Propoñer plans de melloras dos servizos TIC a partir da análise de indicadores (queixas e suxestións, utilización de recursos, ...)
- m) Propoñer as modificacións que se precisen do presente regulamento
- n) Aprobar a memoria anual da ATIC
- o) Asesorar e elevar propostas en todos os asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter á súa consideración
- p) Analizar a adecuación das políticas, dos plans e dos procedementos
- q) Propoñer ao órganos de goberno o regulamento da Área TIC.
- r) Informar as propostas que sexan recibidas dun órgano de goberno.

#### **Artigo 5. Funcións do presidente/a da Comisión TIC**

Serán funcións do presidente/a da Comisión TIC

- a) Presidir as reunións da Comisión TIC
- b) Executar os acordos tomados na Comisión TIC
- c) Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias da Comisión TIC
- d) Exercer a representación da USC nos foros externos relacionados coas TIC que lle sexan delegados polo reitor/a.
- e) Propoñer á Comisión TIC as políticas xerais TIC da USC
- f) Coordinar e regular a dinámica de desempeño dos grupos de traballo
- g) Propoñer á Comisión TIC e dirixir Plans que teñan como obxectivo aliar a utilización das TIC cos obxectivos funcionais da USC
- h) Propoñer á Comisión TIC, en coordinación co director/a da ATIC, os grupos de traballo necesarios para o correcto funcionamento da USC en relación coas TIC; os procedementos de xestión e gobernanza; a creación e actualización do catálogo de servizos e o proxecto de execución orzamentaria
- i) Analizar as propostas das unidades da ATIC e o seu traslado á Comisión TIC

- j) Calquera outra función que lle asignen os órganos de goberno da USC.

#### **Artigo 6 . Funcionamento da Comisión TIC**

A Comisión reunirse, como mínimo, 4 veces ao ano, e cantas veces se considere necesario por decisión do seu presidente ou por pedimento dun mínimo da metade dos seus membros. O *quorum* necesario para a toma de acordos será de metade dos membros que a constitúan. O voto do presidente terá valor dobre en caso de empate nas votacións.

#### **Artigo 7. Funcións do secretario da Comisión TIC**

O secretario/a da Comisión TIC será o director/a da ATIC. Son funcións do secretario/a:

- a) A convocatoria da Comisión TIC por orde do presidente/a
- b) A elaboración a custodia das actas da Comisión e da documentación que se aporte ás reunións.
- c) A expedición das certificacións dos acordos recollidos nas actas da Comisión TIC

#### **Artigo 8. Equipos de traballo**

1. A Comisión TIC poderá constituír equipos de traballo para a realización de propostas e informes que serán avaliados pola comisión TIC. Na constitución de cada grupo de traballo, a Comisión TIC establecerá os mecanismos de funcionamento e determinará a composición de cada un deles, e poderán formar parte calquera membro da comunidade universitaria. A función destes equipos de traballo é a de realizar propostas e informes para seren avaliados pola Comisión TIC.
2. Os equipos de traballo estarán formados, como mínimo, por:
  - a) Os responsables das unidades funcionais encargadas dos procedementos e xestión da actividade asumida polo equipo de traballo. Un destes responsables actuará como presidente.
  - b) O responsable na ATIC da unidade encargada da actividade asumida polo

- equipo de traballo, que actuará como secretario.
- c) Calquera outra persoa indicada pola Comisión TIC
3. Serán funcións dos equipos de traballo:
- Propoñer á Comisión TIC os desenvolvementos anuais necesarios na actividade asumida polo equipo de traballo, con especial atención ás actividades e servizos que requiren dun apoio tecnolóxico.
  - Propoñer á Comisión TIC as normas de funcionamento das distintas aplicacións informáticas incluídas na actividade asumida polo equipo de traballo
  - Elaborar o informe anual da actividade realizada polo equipo de traballo
  - No caso de ter a delegación explícita aprobada pola Comisión TIC, os equipos de traballo poden aprobar directamente desenvolvementos ou accións.
4. O/a presidente da Comisión TIC e o director/a da ATIC poderán asistir ás reunións dos equipos de traballo a pedimento propio ou a pedimento dos equipos de traballo.
5. Os equipos de traballo terán, como mínimo, unha reunión ordinaria mensual na que se fará un seguimento do funcionamento das actividades obxecto de supervisión por cada equipo. Poderanse celebrar todas as reunións extraordinarias que se estimen oportuno, a petición dun dos seus membros ou do presidente da Comisión TIC.

### **TÍTULO III: ORZAMENTO**

#### **Artigo 9. Organización do orzamento TIC**

A ATIC contará con cantidades orzamentarias específicas incluídas nos orzamentos ordinarios da Universidade, nos que deben figurar partidas de gasto nas aplicacións investimentos reais e gastos en bens correntes e de servizos.

#### **Artigo 10. Informes de execución orzamentaria**

A Comisión TIC debe informar todas as adquisicións de equipamento de tecnoloxías da información e promover, sempre que sexa posible, a compra centralizada a través da Área TIC.

A compra centralizada será obrigatoria para equipamento básico de ofimática, para o equipamento TIC das aulas de informática de docencia e para as aulas de docencia.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

O reitor/a, coa asistencia do equipo de goberno, adoptará as disposicións necesarias para aplicar o regulamento.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

A Comisión TIC, nun prazo de seis meses a partir do seu primeiro nomeamento, propondrá aos órganos de goberno competentes un documento que recolla o conxunto de procedementos e normativas para o funcionamento da Área TIC, un regulamento que defina os dereitos e obrigas no uso das TIC por parte da comunidade universitaria e un documento que recolla os obxectivos da institución nese ámbito. Así mesmo, propondrá unha estrutura de medios materiais e humanos necesarios para garantir os dereitos e servizos que se queren prestar á comunidade universitaria.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

Este regulamento deixa sen efecto a resolución reitoral do 13 de abril de 2016, sobre a creación do Comité estratéxico das TIC na USC.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da Sede Electrónica, tras a súa aprobación polo Consello de Goberno.